

# Liñas xerais da USC para a elaboración das novas titulacións oficiais reguladas polo RD 1393/2007

A Comisión de Titulacións do Claustro Universitario da USC, de conformidade co establecido no Real Decreto 1393/2007 de "*Ordenación de las Enseñanzas Universitarias Oficiales*", no documento "*Liñas Xerais para a implantación dos estudos de grao e posgrao*" aprobado polo pleno do Consello Galego de Universidades na súa reunión de 5 de novembro de 2007, así como na Programación Plurianual da USC, acordou, na súa reunión de data 9 de abril de 2008, establecer os seguintes criterios polos que deberán rexerse as propostas das novas titulacións.

## Liñas xerais para as titulacións de Grao

As seguintes liñas establécense para as titulacións de Grao, exceptuadas, no que corresponda, aquelas que teñan directivas comunitarias propias e, segundo o previsto no artigo 12.9 do RD 1393/2007, as que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España.

As titulacións que conforman a oferta docente actual de Diplomaturas, Enxeñarías e Licenciaturas da USC poderán transformarse aos novos títulos de Grao consonte as condicións previstas nas *Liñas Xerais para a implantación dos Estudos de Grao e Posgrao no SUG*, do Consello Galego de Universidades (en adiante, *Liñas Xerais do CGU*). En canto a titulacións "ex novo" que se poidan implantar no futuro, estas deberán igualmente atermos ás condicións establecidas nese documento.

### I. Dos Graos.

1. Denomínase Grao aquel ensino que ten como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral, en unha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional.
2. Consonte ao previsto no artigo 12.4 do RD 1393/2007, as titulacións de Grao deberán adscribirse a unha das seguintes ramas do coñecemento: a) Artes e Humanidades; b) Ciencias; c) Ciencias da Saúde; d) Ciencias Sociais e Xurídicas; e) Enxeñaría e Arquitectura.

### II. Dos créditos nas titulacións de Grao

1. Para a obtención do título de Grao os planos de estudo constarán de 240 créditos ECTS que conterán toda a formación teórica e práctica que deberá adquirir o estudante.
2. En función dos créditos optativos que deba cursar o estudante, a oferta máxima dos planos de estudo non superará os 276 créditos.
3. O crédito enténdese como unidade de medida do haber académico que representa a cantidade de traballo do estudante para cumprir os obxectivos do programa de estudos. Na USC un crédito estímase equiparable a 25 horas de traballo do estudante consonte ao establecido no RD 1125/2003.
4. Os planos de estudos establecerán o carácter dos créditos que os integren especificando se se trata de créditos correspondentes a (a) asignaturas de formación básica; (b) asignaturas obrigatorias; (c) asignaturas optativas; así como créditos por (d) actividades recollidas no artigo 12.8 do RD 1393/2007; (e) recoñecemento de competencias transversais da USC; (f) prácticas externas; (g) Traballo de Fin de Grao.
5. A anterior distribución de créditos deberá atermos aos requisitos contemplados no RD 1393/2007, nas *Liñas Xerais do CGU* e no presente documento.
6. Os créditos do Grao deberán estruturarse do seguinte xeito:
  - a) Con carácter xeral os créditos de formación básica deberán ofertarse na primeira metade do plano de estudos.

- b) O número máximo de créditos optativos que pode ter que cursar un alumno para a obtención do título é de 36. O máximo de créditos optativos que pode ofertar un plano de estudos é de 72. A ratio de oferta será de entre 2 e 3 créditos ofertados por cada crédito optativo que deba cursar o estudante, sempre que a oferta de optativas non supere os 72 créditos e que o número total de créditos da titulación non supere os 276 créditos.
- c) Os planos de estudos poderán prever a realización de prácticas externas. Estas estableceranse con carácter obrigatorio ou con carácter optativo. No caso de que sexan de carácter optativo non computan para o máximo de 276 créditos aos que se fai referencia no apartado l.6.b.; neste caso a titulación fixará anualmente a oferta de prácticas dispoñible. Os planos de estudo que contemplan prácticas externas obrigatorias deberán presentar un documento que xustifique a súa viabilidade. Con carácter xeral, o límite máximo de prácticas externas establécese en 30 créditos. As prácticas externas tenderán a ofertarse na segunda metade do plano de estudos.
- d) O Tráballo de Fin de Grao terá entre 6 e 30 créditos e só poderá inscribirse unha vez superados 150 créditos, entre eles todos os da primeira metade da titulación.
- e) Os estudantes poderán obter ata un máximo de 12 créditos polo recoñecemento das actividades contempladas no artigo 12.8 do RD 1393/2007 e das competencias transversais da USC, segundo se especifica no apartado de *Principios e competencias transversais dos Graos na USC*. En todo caso o máximo de créditos recoñecibles polas actividades do artigo 12.8 do RD 1393/2007 serán 6. Os créditos aos que se fai referencia neste apartado non computan para o máximo de 276 créditos aos que se fai referencia no apartado l. 6.b desta Liñas Xerais para as titulacións de Grao.

### III. Estrutura das titulacións de Grao

1. As diferentes asignaturas dos planos de estudo figurarán como créditos obrigatorios ou créditos optativos, debéndose especificar cales de elas corresponden a créditos de formación básica.
2. Como norma xeral as asignaturas serán de duración cuadrimestral. Sempre que se xustifique, poderán admitirse asignaturas que duren todo un curso académico. En todo caso, o plano de estudos garantirá que a distribución dos créditos entre os dous cuadrimestres do curso sexa equilibrada.
3. As asignaturas cuadrimestrais serán preferentemente de 6 créditos. Sempre que se xustifique, poderán admitirse asignaturas cuadrimestrais de 4'5 créditos e anuais de 9 e 12 créditos.
4. As asignaturas poderán organizarse en módulos, que se conciben como bloques formativos integrados por diversas asignaturas que contribúen conxunta e coordinadamente a consecución dunhas determinadas competencias. Cada módulo debe estar formado por un mínimo de 12 créditos. En todo caso, as unidades de avaliación serán as diferentes asignaturas dun módulo. Os módulos poderán formar parte da oferta de cursos de formación continua da USC.
5. Con carácter xeral, as titulacións de Grao non contemplarán especialidades, orientacións, ou itinerarios académicos, agás no caso de titulacións de Grao que resulten da transformación de varios títulos previamente existentes, e isto sempre que o número de alumnos existentes nos títulos actuais xustifique os diferentes itinerarios no título de Grao. Nestes casos a parte curricular diferenciada de cada itinerario académico estará constituída por unha oferta de entre 60 e 120 créditos.

### IV. Principios e competencias transversais dos Graos da USC

1. Os planos de estudo da USC asegurarán, a través das asignaturas e actividades que os conforman, unha formación presidida polos valores cívicos aos que fai referencia no artigo 13.5 do RD 1393/2007, así como a obtención das competencias básicas recollidas no Anexo I (apdo. 3.2) do RD 1393/2007.

2. Considéranse competencias transversais para todas as titulacións de Grao da USC o coñecemento instrumental de (i) linguas estranxeiras; (ii) lingua galega, e (iii) tecnoloxías da información e da comunicación.
3. Os estudantes de todas as titulacións de Grao deberán acreditar obrigatoriamente, para a obtención do título, o coñecemento dunha lingua estranxeira ao nivel que determine o Consello de Goberno. O resto das competencias transversais terán carácter optativo.
4. A USC, por acordo do Consello de Goberno, asegurará os mecanismos de recoñecemento destes créditos mediante o establecemento dos criterios de valoración e dos procedementos de acreditación destas competencias. A USC posibilitará unha oferta formativa que facilite a súa obtención. Igualmente A USC, por acordo do Consello de Goberno, aprobará os criterios para a valoración das actividades mencionadas no artigo 12.8 do RD 1393/2007, así como os procedementos para a súa acreditación.

#### **V. Implantación dos novos planos de estudos de Grao e extinción dos actuais.**

1. A proposta dunha titulación de Grao deberá especificar o procedemento de implantación e o correspondente procedemento de extinción para os planos das actuais titulacións. Con carácter xeral promoverase a implantación, polo menos, de grupos de cursos en dous anos académicos. O procedemento previsto para a extinción dos actuais planos de estudos deberá ter en conta os dereitos recoñecidos aos estudantes polas disposicións Adicional Segunda e Transitoria Segunda do RD 1393/2007.
2. Estableceranse táboas de recoñecemento dos estudos realizados nos actuais planos de estudos que faciliten aos estudantes a súa incorporación nos novos planos de estudo de Grao nos que aqueles se transforman.
3. As actuais titulacións como moi tarde iniciarán a súa extinción no curso 2010-2011, consonte ao previsto na disposición adicional primeira do RD 1393/2007.

#### **VI. Acreditación de competencias, e transferencia e recoñecemento de créditos**

O Consello de Goberno da USC aprobará o procedemento de acreditación de competencias, así como o de transferencia e recoñecemento de créditos.

#### **VII. Documentación e condicións xerais para os novos estudos de Grao**

1. O Consello de Dirección da USC velará para que, a través dos servizos, comisións e/ou órganos da USC que corresponda e no concerne aos seus respectivos ámbitos de competencia, se elabore e poña a disposición das comisións redactoras dos planos de estudo de Grao a documentación esixida polo Anexo I do RD 1393/2007.
2. A USC, por acordo do Consello de Goberno, establecerá as normas de xestión académica (que incluírán modalidades de matrícula), os criterios de organización da docencia, o calendario dos estudos e de convocatorias de avaliación, e aqueles outros elementos que se estimen necesarios para unha adecuada adaptación ao novo marco de estudos de Grao.

#### **VIII. Inscripción no RUCT, acreditación, renovación da acreditación e modificación dos planos de estudo de Grao**

1. Os planos de estudos de Grao ateranse ao previsto no RD 1393/2007 e nas *Liñas Xerais do CGU* respecto a inscrición no RUCT, acreditación, renovación da acreditación e modificación dos mesmos.
2. Considerarase extinguido un plano de estudos de Grao que non supere o proceso de acreditación, segundo o previsto no artigo 28.3 do RD 1393/2007.

## Liñas xerais para as titulacións de Máster Universitario Oficial

As seguintes liñas establécense para as titulacións de Máster, exceptuadas, no que corresponda, aquelas que no seu caso teñan directivas comunitarias propias ou, segundo o previsto no RD 1393/2007, as que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España

### I. Dos Másteres Universitarios Oficiais

1. Denomínase Máster Universitario Oficial a aquel ensino que ten por finalidade a adquisición polo/a estudante dunha formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada a especialización académica ou profesional, ou ben a promover a iniciación en tarefas investigadoras.
2. Un Máster Oficial deberá establecer claramente a orientación ou orientacións que ten de entre as seguintes: profesional, investigadora, ou académica. O plan de estudos dun Máster Oficial deberá adecuarse a(s) súa(s) orientación(s).
3. Os centros, departamentos e institutos universitarios poderán desenvolver másteres oficiais. (A estes efectos por "centros" débese entender exclusivamente os seguintes: facultades e escolas, centros de investigación e un centro que se ocupe dos estudos de posgrao oficial.)
4. Cando varios centros, departamentos ou institutos universitarios desenvolvan un máster de forma conxunta, un deles encargarse da dirección académica do máster oficial, e denominarase responsable do máster
5. Poderán desenvolverse másteres interuniversitarios, mediante o asinamento de convenios entre a USC e outros organismos académicos e científicos. Tales convenios deberán reflectir os centros, departamentos ou institutos universitarios da USC participantes e as condicións de participación académica, científica, e económica de cada entidade participante. Ditos convenios deberán especificar, ademais, as condicións relativas á matrícula dos alumnos do máster, así como as condicións do proceso de expedición de títulos de máster, con respecto ás universidades ou institucións implicadas en dito máster.
6. Os másteres interuniversitarios deberán ser aprobados polos órganos competentes das universidades participantes.

### II. Dos créditos nas titulacións de Máster Oficial

1. Para a obtención do título de Máster Oficial os planos de estudo terán entre 60 e 120 créditos ECTS que conterán toda a formación teórica e práctica que deberá acadar o estudante.
2. O crédito ECTS enténdese como unidade de medida do haber académico que representa a cantidade de traballo do estudante para cumprir os obxectivos do programa de estudos. Na USC un crédito estímase equiparable a 25 horas de traballo do estudante consonte ao establecido no RD 1125/2003.
3. Os planos de estudo establecerán o carácter dos créditos que os integren especificando se se trata de créditos correspondentes a (a) materias obrigatorias; (b) materias optativas; así como créditos por (c) prácticas externas e (d) Traballo de Fin de Máster.
4. A anterior distribución de créditos deberá atermos aos requisitos contemplados no RD 1393/2007, nas *Liñas Xerais para a implantación dos Estudos de Grao e Posgrao no SUG*, do Consello Galego de Universidades (en adiante, *Liñas Xerais do CGU*) e no presente documento.
5. Os créditos do máster deberán estruturarse do seguinte xeito:
  - a. Os créditos a cursar por un alumno correspondentes a materias obrigatorias e optativas (incluídas tamén no seu caso as prácticas externas optativas) serán como mínimo un 50% do total de créditos que teña que facer para obter o título do máster. Os créditos restantes corresponderán ás prácticas externas obrigatorias e o Traballo de Fin de Máster

- b. Materias obrigatorias: Do total de créditos correspondentes a materias obrigatorias e optativas (incluídas tamén no seu caso prácticas externas optativas), a cursar por un alumno para obter o título de máster, un mínimo do 50% serán créditos para materias obrigatorias.
  - c. Materias optativas: A ratio de oferta de materias optativas será como máximo de 2 créditos por cada crédito optativo que teña que cursar o alumno. Só excepcional e xustificadamente esta ratio poderá ser maior, especialmente no caso de másteres que proporcionen o período de formación a diferentes programas de doutoramento.
  - d. Prácticas externas: Os planos de estudo poderán prever a realización de prácticas externas. Estas estableceranse con carácter obrigatorio ou con carácter optativo. No caso de que sexan de carácter optativo a titulación fixará anualmente a oferta de prácticas dispoñible. Os planos de estudo que contempnen prácticas externas obrigatorias deberán presentar un documento que xustifique a súa viabilidade.
  - e. Tráballo de Fin de Máster: O Tráballo de Fin de Máster defenderase á conclusión dos estudos, unha vez superados o resto dos créditos conducentes ó título de máster.
6. Os másteres oficiais interuniversitarios nos que participe a USC poderán ter unha estrutura de créditos diferente da establecida no anterior punto, aínda que se deberá tender a que se axusten á mesma,

### III. Estrutura das titulacións

1. As diferentes materias dos planos de estudo figurarán como créditos obrigatorios ou créditos optativos.
2. Como norma xeral as materias serán de duración cuadrimestral. En todo caso, o plano de estudos garantirá que a distribución dos créditos entre os dous cuadrimestres do curso sexa equilibrada.
3. As materias cuadrimestrais serán preferentemente de 3 ou 6 créditos. Sempre que se xustifique, poderán admitirse materias cuadrimestrais de 4'5 créditos.
4. As materias poderán organizarse en módulos. Un módulo se concibe como un bloque formativo integrado por diversas materias que contribúen conxunta e coordinadamente a consecución dunhas determinadas competencias. Cada módulo debe estar formado por un mínimo de 12 créditos. En todo caso, as unidades de avaliación serán as diferentes materias dun módulo. Os módulos poderán formar parte da oferta de cursos de formación continua da USC.
5. Os planos de estudo da USC asegurarán, a través das materias e actividades que os conforman, unha formación presidida polos valores cívicos aos que fai referencia no artigo 3.5 do RD 1393/2007, así como a obtención das competencias básicas recollidas no Anexo I (apdo. 3.3) do RD 1393/2007.

### IV. Da Comisión Académica e Coordinador/a dun Máster Oficial

1. Cada máster oficial deberá ter unha Comisión Académica, da que formará parte o responsable do Centro, Departamento ou Instituto que asuma a dirección académica.
2. Un dos membros da Comisión Académica fará as funcións de Coordinador/a, e actuará en representación do máster.
3. A Comisión Académica dun máster oficial debe velar pola calidade do mesmo.
4. Todas as universidades ofertantes dun máster oficial interuniversitario deberán ter representación na Comisión Académica.
5. O *Regulamento de Estudos de Máster Oficial* da USC desenvolverá a normativa correspondente tanto á Comisión Académica como ao Coordinador/a de cada máster oficial.

#### **V. Implantación de novos Másteres Oficiais**

1. As novas propostas de másteres oficiais, para a súa tramitación, deberán satisfacer os requisitos previstos pola lexislación vixente e cumprimentar a documentación requirida a tales efectos.
2. A proposta de implantación dos novos másteres oficiais requirirá do pronunciamento favorable do Consello de Goberno da USC. A Comisión de Titulacións elaborará o seu informe en relación con cada proposta de máster oficial que teña orientación académica, profesionalizante ou inclúa unha destas, para a toma de decisión do Consello de Goberno, a partir dun informe preliminar dunha Comisión para Estudos de Máster Oficial da USC. No caso de másteres oficiais que sexan exclusivamente de investigación a Comisión de Titulacións elaborará o seu informe, para a toma de decisión do Consello de Goberno, a partir dun informe preliminar da Comisión de Doutoramento da USC.

#### **VI. Acreditación de competencias, e transferencia e recoñecemento de créditos**

O Consello de Goberno da USC aprobará o procedemento de acreditación de competencias, así como o de transferencia e recoñecemento de créditos.

#### **VII. Documentación e condicións xerais para os novos estudos de Máster Oficial**

1. O Consello de Dirección da USC velará para que, a través dos servizos, comisións e/ou órganos da USC que corresponda e no concerne aos seus respectivos ámbitos de competencia, se elabore e poña a disposición das comisións redactoras dos planos de estudo de máster oficial a documentación esixida polo Anexo I do RD 1393/2007.
2. A USC, por acordo do Consello de Goberno, establecerá as normas de xestión académica (que incluíran modalidades de matrícula), os criterios de organización da docencia, o calendario dos estudos e de convocatorias de avaliación, e aqueles outros elementos que se estimen necesarios para unha adecuada adaptación ao novo marco de estudos de Máster.

#### **VIII. Inscripción no RUCT, acreditación, renovación da acreditación e modificación dos planos de estudo de Máster Oficial**

1. Os planos de estudos de Máster ateranse ao previsto no RD 1393/2007 e nas *Liñas Xerais do CGU* respecto a inscrición no RUCT, acreditación, renovación da acreditación e modificación dos mesmos.
2. Considerarase extinguido un plano de estudos de Máster que non supere o proceso de acreditación, segundo o previsto no artigo 28.3 do RD 1393/2007.

#### **IX. Previsións de demanda mínima para que os planos de estudo de Máster Oficial poidan ser aprobados.**

1. A proposta dun novo Máster deberá asegurar a demanda mínima esixida nas liñas xerais do Consello Galego de Universidades.
2. No caso de Máster interuniversitarios deberán cumprir uns mínimos requisitos de eficiencia. Neste sentido deberán xustificar que os recursos postos a disposición do Máster teñen correspondencia co número de estudantes previsto.

**Disposición Transitoria.** As titulacións de Máster Oficial ou POP xa aprobadas na USC e reguladas polo RD 56/2005 adaptaránse ao disposto nestas *Liñas Xerais* segundo determine o Consello de Goberno da USC, e en todo caso cando se produza unha modificación maior do seu contido.

## Liñas xerais para os programas conducentes ao título de Doutor

As seguintes liñas establécense para os programas conducentes ao título de Doutor, especificando requisitos a cumprir polos programas de doutoramento a través dos que se pode chegar a elaborar e presentar a tese de doutoramento para obter o correspondente título de Doutor.

### I. Dos Programas de Doutoramento

1. Denomínase Programa de Doutoramento ao conxunto organizado de todas as actividades formativas e de investigación conducentes á obtención do título de Doutor, tal e como consta no artigo 18 do RD 1393/2007.
2. Cada Programa de Doutoramento estará estruturado en dous períodos diferenciados: un período de formación, ao que lle seguirá un período de investigación.
3. Os centros, departamentos e institutos universitarios poderán desenvolver programas de doutoramento. (A estes efectos por "centros" débese entender exclusivamente os seguintes: facultades e escolas, centros de investigación e un centro que se ocupe dos estudos de doutoramento.)
4. Cando varios centros, departamentos ou institutos universitarios desenvolvan un programa de forma conxunta, un deles encargárase da dirección académica do programa, e denominárase responsable do programa.
5. Poderán desenvolverse programas de doutoramento interuniversitarios, mediante o asinamento de convenios entre a USC e outros organismos académicos e científicos. Tales convenios deberán reflectir os centros, departamentos ou institutos universitarios da USC participantes e as condicións de participación académica, científica, e económica de cada entidade participante. Ditos convenios deberán especificar, ademais, as condicións relativas á matrícula dos alumnos do programa nos seus períodos de formación e de investigación, así como as condicións do proceso para a lectura das teses e de expedición de títulos de doutor, con respecto ás universidades ou institucións implicadas no programa.

### II. Do período de formación dos programas

1. O período de formación dos programas de doutoramento consistirá en alomenos 60 créditos ECTS, impartidos por doutores, que formen parte da oferta docente dun ou varios másteres oficiais.
2. Excepcionalmente, e por razóns de interese estratéxico da USC ou por motivos científicos que aconsellen a formación de doutores nun ámbito determinado, un programa de doutoramento poderá establecer como período de formación 60 créditos de nivel de posgrao que estean configurados por actividades formativas non incluídas nun máster oficial (consonte ao previsto no artigo 19.2.a do RD 1393/2007). En todo caso, para a aprobación deste tipo de período de formación tamén será necesario contar cun informe favorable da axencia avaliadora que corresponda.
3. O programa deberá especificar cál ou cáles son as materias ou actividades formativas que conforman o período de formación e de qué máster ou másteres oficiais forman parte.
4. Para acceder a un programa de doutoramento no seu período de formación será necesario estar na posesión dun título universitario español u outro expedido por unha institución de educación superior do EEES que faculte no país expedidor do título para o acceso aos estudos de doutoramento ou de máster universitario. Así mesmo, poderán acceder os titulados conforme a sistemas educativos alleos ao EEES sen necesidade de homologación dos seus títulos, previa comprobación pola USC de que aqueles acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois e que facultan no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento ou de máster universitario (tal e como se establece no artigo 19.2 do RD 1393/2007).
5. Os procedementos e criterios de admisión para o período de formación deberán ter en conta o previsto polo máster ou másteres oficiais contemplados polo programa de doutoramento para a realización do mencionado período.

6. Cando o período de formación dun programa de doutoramento forme parte dun único máster oficial os alumnos dese máster que desexen adscribirse ao programa no período de formación deberán solicitar a admisión dito programa.
7. Cando o período de formación dun programa de doutoramento forme parte de varios másteres oficiais os estudantes deberán formalizar a matrícula en materias deses másteres, de entre as previstas polo programa de doutoramento para o período de formación, de acordo co que prevean as normas de matrícula da USC para tales casos.

### III. Do período de investigación dos programas

1. No período de investigación o alumno realizará tarefas de investigación encamiñadas a presentar a tese de doutoramento.
2. Para acceder a un programa de doutoramento no seu período de investigación será preciso ter superado 60 créditos en un ou varios másteres universitarios. De xeito excepcional poderán acceder ao período de investigación aqueles estudantes que acrediten 60 créditos de nivel de posgrao que foran configurados, de acordo coa normativa da USC, por actividades formativas non incluídas en másteres universitarios (consonte ao previsto no punto 2 relativo ao apartado "período de formación dos programas" destas Liñas Xerais). Tamén se poderá acceder ao período de investigación estando na posesión dun título de Grao cuxa duración, consonte a normas de dereito comunitario, sexa de alomenos 300 créditos.
3. O programa de doutoramento deberá establecer os procedementos e criterios de admisión correspondentes ao período de investigación, especificando tanto os establecidos para estudantes que realizaran o período de formación segundo o programa como para os que o fixeran ao marxe do programa (xa sexa na USC, noutras universidades ou centros do EEES ou en universidades ou centros alleas ao mesmo).
4. Os estudantes admitidos no período de investigación formalizarán cada curso académico a súa matrícula, que lle outorgará o dereito á tutela académica, á utilización dos recursos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo e a plenitude de dereitos previstos pola normativa para os estudantes de doutoramento.
5. Os estudantes admitidos e matriculados no período de investigación dun programa de doutoramento deberán inscribir, xunto coa primeira matrícula nese período, a tese de doutoramento, que se consignará no correspondente Rexistro da USC. A inscrición da tese requirirá a súa vinculación a un departamento, instituto de investigación ou centro de investigación. Isto conlevará a asignación dun director que será un doutor con experiencia investigadora acreditada consonte a criterios que fixe o *Regulamento de Estudos de Doutoramento* da USC. A tese poderá ser codirixida por outros doutores.

### IV. Da tese de doutoramento e da Mención Europea do Título de Doutor

1. A tese de doutoramento consistirá nun traballo orixinal de investigación elaborado polo candidato/a e deberá atermarse ao previsto no artigo 21 do RD 1393/2007 e ao que determine o *Regulamento de Estudos de Doutoramento* da USC.
2. O título de doutor pode ter unha Mención europea. Dita mención no título de doutor deberá atermarse ao previsto no artigo 22 do RD 1393/2007 e ao que determine o *Regulamento de Estudos de Doutoramento* da USC.

### V. Da Comisión Académica e Coordinador/a dun programa de doutoramento

1. Cada programa de doutoramento deberá ter unha Comisión Académica, da que formará parte o responsable do Centro, Departamento ou Instituto que asuma a dirección académica.
2. Un dos membros da Comisión Académica fará as funcións de Coordinador/a, e actuará en representación do programa de doutoramento.
3. A Comisión Académica dun programa de doutoramento debe velar pola calidade do mesmo.

4. O *Regulamento de Estudos de Doutoramento* da USC desenvolverá a normativa correspondente tanto á Comisión Académica como ao Coordinador/a de cada programa de doutoramento.

## VI. Implantación dos novos programas de doutoramento e extinción dos actuais.

1. A proposta dun novo programa de doutoramento deberá establecerse polas seguintes vías:
  - A. vía de transformación a partir dos actuais programas de doutoramento regulados polo RD 778/1998.
  - B. vía de transformación a partir dos actuais estudos de doutoramento regulados polo RD 56/2005.
  - C. vía de propostas *ex novo*.
  - **A proposta dun novo programa pola vía "A."** requirirá que se satisfaga algunha das seguintes situacións:
    - a) Que proveña dun programa actual con Mención de Calidade. Se ademais é interuniversitario deberá acreditar unha certa actividade na USC consonte a criterios a determinar polo Consello de Goberno.
    - b) Que proveña dun único programa actual con: (i) un número mínimo de estudantes matriculados na USC cada ano na etapa de formación, durante os tres últimos cursos (atendendo ao mínimo esixido na lexislación vixente para másteres oficiais de perfil académico-investigador e de doutoramento, que na actualidade é de 10 matriculados); (ii) niveis de calidade acreditados no concernente tanto a teses defendidas nos tres últimos anos no vello programa, como a docentes doutores vinculados ao novo programa. Os programas interuniversitarios deberán acreditar unha certa actividade na USC nos tres últimos anos. Correspóndelle ao Consello de Goberno fixar os criterios concretos para acreditar niveis de calidade e, no caso dos interuniversitarios, os mínimos de actividade na USC.
    - c) Que proveña de varios programas actuais que se xuntan para facer un novo programa cunha oferta coherente, de maneira que o conxunto de programas actuais cumpran os requisitos establecidos no anterior apartado 'b)'.
  - **A proposta dun novo programa pola vía "B."** regularase consonte ao que prevea a lexislación para eses estudos de doutoramento.
  - **A proposta dun novo programa pola vía "C."** requirirá que se fixe como obxectivo (cuxa viabilidade debe ser xustificada) ter un número de estudantes adscritos ao programa nos seguintes dous anos e niveis de calidade no concernente a docentes doutores vinculados ao novo programa. Os programas interuniversitarios deberán establecer como obxectivo unha certa actividade na USC nos próximos dous anos. Correspóndelle ao Consello de Goberno fixar os criterios concretos para acreditar niveis de calidade e, no caso dos interuniversitarios, os mínimos de actividade na USC.
2. As novas propostas de programas de doutoramento, para a súa tramitación, deberán satisfacer os requisitos previstos pola lexislación vixente e cumprimentar a documentación requirida a tales efectos.
3. A proposta de implantación dos novos programas requirirá do pronunciamento favorable do Consello de Goberno da USC. A Comisión de Titulacións elaborará o seu informe en relación con cada proposta de programa de doutoramento, para a toma de decisión do Consello de Goberno, a partir dun informe preliminar da Comisión de Doutoramento da USC.
4. A data límite para iniciar a extinción dos programas de doutoramento regulados polo RD 778/1998 é a de 1 de outubro de 2009.
5. Aos estudantes que tiveran iniciado estudos de doutoramento conforme a anteriores ordenacións universitarias poderán acceder aos novos programas de doutoramento, consonte ao previsto no RD 1393/2007, previa admisión no mesmo conforme a normativa que desenvolva a USC. En todo caso, de querer seguir vinculados aos estudos de doutoramento en proceso de extinción seranlles de aplicación as disposicións reguladoras do doutoramento e de expedición do título de Doutor polas que tiveran iniciado ditos estudos (tal e como prevé a disposición transitoria terceira do RD 1393/2007).

## **VII. Acreditación de competencias, e transferencia e recoñecemento de créditos**

Consello de Goberno da USC aprobará o procedemento de acreditación de competencias, así como o de transferencia e recoñecemento de créditos.

## **VIII. Documentación e condicións xerais para os novos programas de doutoramento**

1. Consello de Dirección da USC velará para que, a través dos servizos, comisións e/ou órganos da USC que corresponda e no concernte aos seus respectivos ámbitos de competencia, se elabore e poña a disposición das comisións redactoras dos programa de doutoramento a documentación esixida para a súa aprobación definitiva.
2. A USC, por acordo do Consello de Goberno, establecerá as normas de xestión académica (que incluírán modalidades de matrícula), e aqueles outros elementos que se estimen necesarios para unha adecuada adaptación ao novo marco de estudos de doutoramento.
3. O Consello de Goberno da USC deberá aprobar un Regulamento de Estudos de Doutoramento no que se recolla a normativa pola que se deben rexer tales estudos na nosa Universidade, desenvolvendo estas Liñas Xerais para o Título de Doutor da USC.

## **IX. Inscripción no RUCT, acreditación, renovación da acreditación e modificación dos programas de doutoramento**

As propostas de programas de doutoramento ateranse ao previsto no RD 1393/2007 e nas *Liñas Xerais do CGU* respecto a inscrición no RUCT, acreditación, renovación da acreditación e modificación dos mesmos.